

Uso e xestión de blogs

parte 2: *Publicación de entradas nun blog*


(crear, editar, borrar entradas)

1.- Modificando desde o propio blog:

Ata o de agora, na primeira parte deste manual, configuramos o noso blog desde o botón “deseño” que existe na parte superior dereita do teu blog (**se é que accedeches co teu usuario e contrasinal**).

Algunhas das opcións que xestionamos desde ese momento, tamén é posible modificalas desde o propio blog, por exemplo os diferentes bloques, que poderemos cambialos sen ser necesario que accedamos o apartado “deseño”.

Saberemos que podemos modificar algún contido do noso blog se vemos aparecer esta icona:



Premendo sobre ela poderemos modificar calquera dos contidos do noso blog, pero só se accedimos co noso usuario e contrasinal de gmail, xa que en caso contrario calquera podería modificar o contido no noso blog.

Ademais de poder modificar os diferentes bloques directamente desde o blog, tamén será posible modificar as diferentes entradas que teñamos publicadas previamente.


2.- Creando a nosa primeira entrada:

Agora que xa temos o noso blog creado e perfectamente organizado ó noso gusto, chega o momento de aprender a enchelo de contidos.

Lembremos que calquera “cousa” que publiquemos no noso blog (nos ou algún dos autores que autorizamos) se chama “publicación” ou “entrada”.

Entramos no noso blog e entramos co noso usuario e contrasinal de gmail, xa que de non facelo non poderíamos facer ningún cambio no blog.

Na parte superior dereita do noso blog, ó lado do botón “deseño” que empregamos no manual anterior, atoparemos un novo botón “nova entrada”, nel deberemos premer para escribir unha entrada nova.



Tamén poderíamos crear unha nova entrada, premendo o botón deseño e alí premer o botón “crear nova entrada” ou incluso escollendo a opción “entradas” como xa vimos na primeira parte deste manual. É dicir temos moitas formas acceder a engadir unha nova entrada ó noso blog, cada quen deberá determinar cal delas lles resulta máis cómoda.

En canto premamos “nova entrada”, chegaremos a esta nova ventá, estas son as opcións máis relevantes.

Título:
Escribiremos aquí o título da nosa entrada.

Publicar:
Cando teñamos a entrada lista para facela pública premeremos publicar.

Gardar:
Garda a nosa entrada antes de publicala como “borrador”
As entradas gárdanse automaticamente
Cada poucos segundos

Caixa de texto:
Espazo para escribir o texto e incluír outros contidos.

Barra de ferramentas:
Permite maquetar o texto: cores, fontes, tamaño, aliñación, imaxes, ligazóns...

Configuración da entrada:
Escolle como se publica a entrada: con que etiquetas, se se publica a unha hora concreta...

Unha vez creada unha entrada podemos optar por gardala como borrador, para publicala noutro momento ou facela pública no blog premendo o botón “publicar”. Calquera entrada publicada ou en borrador pode modificarse en calquera momento.

Tenta crear a túa primeira entrada no blog... experimenta coas diferentes ferramentas dispoñibles
Eres capaz de publicalo cunha etiqueta concreta?

3.- Modificar unha entrada xa creada:

Podemos modificar unha entrada xa creada de dúas formas (sempre que teñamos accedido co noso usuario e contrasinal de gmail):

a) directamente desde o propio blog, premendo no icona do “lapis” que se atopa debaixo de cada entrada.

Publicado por [Oscar Abilleira Muñiz](#) ás 20:27 Ningún comentario:

+1 Recomendar isto en Google

Etiquetas: [C.E.I.P. Praza de Barcelos](#)

b) entrando no apartado “deseño” (parte superior dereita do blog) e desde alí escoller a opción “entradas do blog”. Alí veremos a lista de tódalas entradas publicadas, e premendo sobre o título de cad unha poderemos modificala.

Deberemos premer ACTUALIZAR cando rematemos de facer os cambios.

Destá forma tamén poderemos seleccionar unha entrada e convertila a borrador ou publicala, premendo o botón correspondente.

4.- borrar unha entrada xa creada:

Podemos borrar unha entrada xa creada (sempre que teñamos accedido co noso usuario e contrasinal de gmail) accedendo ó apartado “deseño” (no botón da parte superior dereita do blog) e escoller a opción entrada, tal como se pode facer para editar unha entrada. Neste caso deberemos seleccionar a entrada a borrar e premeremos o botón “borrar”. Esta acción é irreversible.

Publicar / borrador:
Publicar: publica a entrada seleccionada
Cambiar a borrador: convirte en borrador unha entrada publicada e non será pública desde ese momento.

Borrar:
 Borra a entrada seleccionada

The screenshot shows the Blogger dashboard with a list of posts. Callouts point to the 'Publicar' and 'Borrar' buttons in the top toolbar, and to the 'Entradas' menu item in the left sidebar.

Entrada	Publicado	Comentarios	Reacciones	Fecha
Docencia 19/02/2014: Blogs I: creación, xestión e mantemento dun blog en blogger C.E.I.P. Praza de Barcelos	<input type="checkbox"/>	0	+1 3	20:27:00
Docencia 13/02/2014: práctica con SymbalooEDU C.E.I.P. Praza de Barcelos	<input type="checkbox"/>	0	+1 5	13/2/14
Docencia 30/01/2014: SybalooEDU: "unha forma sinxela e visual de almacenar e empreg... C.E.I.P. Praza de Barcelos	<input type="checkbox"/>	0	+1 9	25/1/14
Docencia 16/01/14: Uso básico do Encerado Dixital Interactivo C.E.I.P. Praza de Barcelos	<input type="checkbox"/>	0	12	11/1/14
Datos de docencia no C.E.I.P. Antonio Magariños Pastoriza C.E.I.P. Antonio Magariños Pastoriza	<input type="checkbox"/>	0	1	11/1/14
Barcelos C.E.I.P. Praza de Barcelos	<input type="checkbox"/>	0	5	11/1/14
	<input type="checkbox"/>	0	20	11/1/14

Escollemos a entrada:
 Marcamos a entrada que queremos publicar, borrar ou cambiar a borrador.

5.- Maquetando a nosa entrada: mellorando a aparencia

5.1.- Configuración da entrada: ETIQUETAS

Se queremos publicar unha entrada con algunha das etiquetas que creamos no seu momento como categorías, podemos facelo desde a opción “configuración da entrada”, escollendo etiquetas, e alí seleccionando, ou escribindo o nome da etiqueta baixo a que queiramos publicala.

Desde ese momento esa entrada aparecerá xunto ás demais entradas etiquetadas coa mesma etiqueta, por exemplo desde o botón (páxina) da parte superior.


Podemos modificar unha entrada creada e cambiarlle as etiquetas do mesmo xeito.

The screenshot shows the 'Configuración de la entrada' sidebar. The 'Etiquetas' section is highlighted, showing a text input field with the text 'C.E.I.P. Antonio Magariños Pastoriza, C.E.I.P. Praza de Barcelos' and a 'Listo' button below it.

Para crear novas etiquetas deberemos seguir os pasos indicados na primeira parte deste manual.

5.2.- Barra de ferramentas:

Podemos mellorar a aparencia da nosa entrada empregando os diferentes botóns da barra de ferramentas, que son os empregados habitualmente en tódolos procesadores de texto, polo que nos resultará doado identificalos.



Incluír unha ligazón (enlace) na túa entrada:

Nas nosas entradas podemos incluír unha ligazón de xeito que cando o visitante faga clic sobre ela sexa enviado a outra web.

Para facelo temos dúas opcións:

1. Seleccionar unha ou varias palabras e premer o botón "enlace", cando fagan clic nesas palabras serán levados á web que indiquemos
2. Premer directamente o botón enlace, nese caso deberemos indicar tanto o texto que aparecerá na entrada e no que deberá premer o visitante, como o enderezo da web á que o levará.

Tamén podemos facer que unha imaxe sexa unha ligazón, seguindo o mesmo procedemento pero seleccionado a imaxe.

Enderezo web ou e-mail:
Indicaremos a url da web á que queremos enlazar, ou ou unha conta de e-mail..

Lembra que podes copiar a URL na barra de direccións do navegador.

Texto a amosar:
Texto no que haberá que facer clic para que se abra a web. se seleccionamos un texto antes de premer o botón "enlace", esta casilla aparecerá xa cuberta.

Ventá nova:
Marcando esta opción a web que apareza farao nunha nova ventá.

Inclúe un enlace ó teu webmix creado en symbolooedu dentro dunha entrada no teu blog.

Incluír unha imaxe na túa entrada:

Para incluír unha imaxe na túa entrada deberás pensar previamente se a imaxe xa a empregaches noutra entrada ou se precisas subila desde o teu ordenador.

Prememos o botón "imaxe" da barra de ferramentas, e aparecerá esta ventá:

Subir imaxe:
Sube unha imaxe que teñas no teu ordenador e inclúe na túa entrada.


Desde este blog:
Emprega unha imaxe que xa empregaches noutra entrada

Picassa / teléfono:
Só dispoñible se se ten un álbum en picassa ou se emprega google+ no smartphone.

Desde unha URL:
Se coñecemos a URL dunha imaxe, podemos indicala e automáticamente será incluída no noso blog. .

Engadir as imaxes seleccionadas:
Unha vez teñamos a imaxe escollida (por calquera dos métodos anteriores) prememos este botón para incluílas na caixa de texto..

En canto escollamos a imaxe e a teñamos xa na nosa caixa de texto **podemos movela arrastrándoa e cambiar o seu tamaño, aliñación ó texto e outras características facendo click sobre a imaxe.** Deste xeito tamén poderemos borrarla, ou simplemente premendo suprimir.



Se borramos unha imaxe da caixa de texto, non significa que a borremos do blog, é dicir que se queremos voltar a empregala podemos facelo escollendo a opción de "imaxes do meu blog".

Unha imaxe que se atope na caixa de texto pode ser seleccionada, e premendo o botón "enlace", convertirse nunha ligazón a unha web.

Sube unha imaxe que teña que ver co webmix do symboloo que tes enlazado, convirte esa imaxe Nun botón de xeito que cando preman sobre el os leve ó webmix.

Inserir un vídeo:

Podemos inserir un vídeo nas nosas entradas, para facelo contaremos con estas opcións:

Subir vídeo:

Sube un vídeo que teñas no teu ordenador e inclúeo na túa entrada, se é moi grande pode ser posible que non che permita subilo

Desde tu teléfono / cámara web:

Sube un vídeo desde o teu smartphone ou desde a túa cámara web.

Seleccionar:

Unha vez teñamos o vídeo escollido (por calquera dos métodos anteriores) prememos este botón para incluílos na caixa de texto..



Desde youtube

Aparecerá un buscador de youtube, e entre os resultados poderás escoller un vídeo e se incluirá automáticamente na túa entrada.

Código HTML (opcións avanzadas):

Se prememos o botón HTML, poderemos acceder ó código fonte do texto que estamos a escribir, esto pode ser útil para certas opcións de maquetación do texto xa máis avanzadas como as seguintes:

- a) **Cambiar o tamaño do vídeo que se visualiza desde youtube:** tan só deberemos buscar as liñas de código que se corresponden co vídeo e cambiar o valor de width (ancho) e height (alto)
- b) **Inserir un vídeo de outro servidor ou incluso de youtube:** en todos eses servicios sempre atoparemos un código html que poderemos pegar para visualizalo na nosa entrada.
- c) **Inserir diferentes servicios que se serven cun código html (slideshare ...)**

IMPORTANTE SOBRE O USO DE IMAXES e vídeos:

As imaxes/vídeos que empreguemos nas nosas entradas deberán ser libres de dereitos ou ben contar coa autorización para empregalas

No caso de imaxes do alumnado é necesario contar coa autorización expresa, e por escrito, dos pais/nais que autoricen a que se empreguen ditas imaxes no blog. Lembremos que habitualmente na autorización que existe nos centros se fala de “web do centro”, pero este tipo de blogs non son parte da web do centro, xa que non se atopan nos servidores da Xunta de Galicia senón nos de google, polo que esa autorización non sería válida. Debe incluírse expresamente que se autoriza o uso en blogs xestionados por parte do centro pere que non forman parte da web do Centro albergada nos servidores da Consellería de Educación e O.U.

Óscar Abilleira Muñiz
febreiro 2014

cc - by - sa